

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OZA-CESURAS
Edificio	Igrexa de San Nicolás de Cines
Dirección	Lugar de Casas Novas, 3. 15389
	43.2345547 -8.2400577
Protección	

<p>Descricion</p>	<p>O templo de San Nicolás de Cines é o edificio relixioso de máis interese do concello de Oza. Na súa orixe formaba parte do mosteiro beneditino de San Salvador. Hoxe, a igrexa é a parroquial de San Nicolas. O mosteiro foi fundado nos séculos de finais do IX e principios do X polos Condes Aloito e Paterna. Entre os anos 908 e 911 delimitaron os seus termos o rei Ordoño II e a súa dona, a raíña Elvira que coincidía coa zona norte do actual concello. Anos máis tarde o rei Fernando I ampliaría ata as freguesías de Trasanuelos, Morranca e Armental. No século XII o mosteiro figura como propiedade de Pedro Froilad, Conde de Traba, que irá ampliando os seus dominios polas terras circundantes ata chegar a Coirós, A Espenuca, Vilamateo, Bravío ou Sarandóns. Nembargantes, no século XIV, o mosteiro perderá gran parte do protagonismo, xa que deixa de ser abadía para converterse en priorado do mosteiro de San Martiño Pinario. Máis tarde, perante a Desamortización do século XIX o mosteiro perde tódas as súas propiedades desaparecendo as instalacións monacais, conservándose unicamente a igrexa de San Nicolas de Cines.</p> <p>Da primeira igrexa mozárabe só se conserva un capitel de mármore e un modillón e pode que tamén unha inscrición mutilada.</p> <p>A igrexa actual ten planta basilical de tres naves con tendencia a cruceiro no alzado e cunha cabeceira tripartita formada por tres ábsidas, un central de maiores dimensións e heptagonal e dous laterais menores e pentagonais, nos que se abren esbeltos ventanais góticos. Abunda a decoración escultórica e sobre todo luminosidade favorecida pola apertura de grandes xanelas e rosetóns. Os arcos das naves son apuntados e dispóñense sobre feixes de columnas-piares. O esquema da ábsida é a propia dos templos franciscanos e dominicos do momento.</p> <p>As bóvedas que cobren a capela son nervadas de abanico e accédese a esta zona por medio de arcos apuntados que arrancan de semicolumnas apegadas.</p> <p>Cara ó exterior cabe destaca-la porta principal presidida por un rosetón, con arquivoltas apuntadas sobre columnas acobadadas. No tímpano represéntase ó Salvador, San Benito e San Bernardo. Na fachada norte aparece unha portada de esquema similar, aínda que neste caso a escena representada é a Adoración dos Reis Magos. Outro elemento de interese son os dous rosetóns existentes, un na fachada principal xa mencionada e outro no testeiro da nave central.</p> <p>A fachada occidental sigue o modelo románico de distribución en tres rúas, correspondentes ás tres naves, mediante catro contrafortes. Na esquina Norte sitúase unha torre-campanario con catro ocos de arco lixeiramente apuntado onde van situadas dúas campás elaboradas en Arcos da Condessa en Caldas de Reis, unha no frontal e outra na cara esquerda da torre.</p> <p>A igrexa de Cines pode definirse como un bo exemplo de arquitectura oxival con tradición románica na decoración.</p> <p>Xunto a igrexa atópase a Rectoral de Cines, relacionada tamén co antigo mosteiro e hoxe restaurada e rehabilitada como establecemento de turismo rural.</p>
<p>Campás</p>	<p>2 campás.</p>
<p>Fotos</p>	<p>2</p>
<p>Toques actuais de campás</p>	
<p>Conservación, mantemento</p>	
<p>Propostas</p>	

Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé
Data	24-04-2019

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre de campás	Campá pequena (1)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1940	66	166
Torre de campás	Campá grande (2)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1916	75	244

Información completa: [Igrexa de San Nicolás de Cines - OZA-CESURAS \(GALICIA\)](#)

PDF (26-05-2026)